

Como paxaro caído do niño

Xosé Manuel Martínez Oca



BAÍA EDICIÓN S

Como paxaro caído do niño

Xosé Manuel Martínez Oca



BAÍA EDICIÓN S

COMO PAXARO CAÍDO DO NIÑO

de Xosé Manuel Martínez Oca

obtivo no ano 2005

o IV Premio Rubia Barcia-Cidade de Ferrol

de Novela en Lingua Galega.

O Xurado estivo composto por

José Manuel Couce Fraguela, Lino López Vázquez,

Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de San Miguel,

Carlos Vidal Vázquez, Cipriano Dobarro Montero

e José Miguel Vidarte Ramo

Como un pájaro echado de su nido.

Amalia Bautista. “Estoy ausente”.

Aujourd’hui, maman est morte.

Ou peut-être hier, je ne sais pas.

Albert Camus

Primeira Parte

Onte á tarde enterraron a mamá. Agora estou aquí inmóbil como a superficie dun mar en calma. Coma un lagarto ao sol, os sentimentos adormecidos. Liberada é a palabra que me vén ao pensamento, pero talvez vista desde fóra resulte excesiva. Ademais de mentireira. Non é liberada como me sinto, senón envolta nunha sensación de irrealidade, unha sensación que me empezou a invadir onte cando no aeroporto agardaba a chamada para o embarque, incrementada ao entrar no tanatorio despois de falar por teléfono con Santiago, e multiplicada hoxe no paseo matinal polas rúas da cidade, entre xente que me daba a impresión de moverse a zancadas angustiosamente lentas, os seus contornos empezando a desdebuxarse, nuns movementos parecidos aos desas escenas de persecucións nunha película, desenvoltas a cámara lenta, sen sonido. A cidade virábase pouco e pouco silenciosa e inmóbil arredor de min, só eu me movía, ou non me movía, escorregaba sen moverme, os pensamentos ralentizados, pensamentos de non pensar, pensamentos de pensar que queres pensar e es incapaz, non podes pensar en nada.

Canto tempo había que non vía a mamá? Dous anos? Tres? Que non falaba con ela había menos, cinco meses. No último nadal a chamada telefónica habitual de que tal estás, como che vai por aí, que pases unhas felices festas e igualmente para a saída e entrada de ano.

Xa ía colgar o teléfono, obriga cumprida. Por iso das convencións sociais, familiares, e demais afectacións polas que nos deixamos levar. Ía colgar, pero empeñouse en prolongar un pouco

máis a conversa, en saírse do guión previsto, quen lle daba dereito? Teu irmán díxome que te vira por aquí no verán e non pasaches pola casa a visitarme. Non quixen entrar en detalles nin en precisións: pois non, mamá, non tiveron tempo para nada, foi unha viaxe moi rápida. Cando vas vir algún día para estar un pouco comigo?

Gardei silencio, teríalle tantas cousas que dicir, tantos reproches que facer, tantas queixas que dar. Gardei silencio e ela tamén. Estás aí, Minucha?, preguntou. Estou aquí; pero teño que colgar, acaban de chamar á porta, xa falaremos outro día con máis vagar. Aínda tratou de insistir, pero pola miña parte xa estaba todo dito e non quería oír máis laios nin máis lamentacións, sempre a mesma historia.

Non tes sentimentos, paréceme que foron as últimas palabras que lle escoitei á miña nai. Non teño sentimentos? O día da súa morte non me puideron localizar, botara toda a tarde fóra da casa, de compras, e de noite estivera de cea cunhas compañeiras de traballo. Recibín a noticia á mañá seguinte, cando cheguei á oficina. O xefe abrazoume cun aceno de condolencia. Díxome que el se encargaba de todo, solemne, talvez un pouco teatral. Que non me preocupase, que estivese tranquila. Eu ben tranquila estaba. El encargouse de chamar á compañía aérea, de conseguirme un billete para o primeiro voo, de levarme á casa para coller algunhas cousas e de alí ao aeroporto, solícito, preocupado, talvez un chisco estrañado de verme tan serena, como me queredía ver?

Xa no avión, vinme informando dos detalles, un pouco entre nubes. Máis ben, por riba das nubes que, como unha alfombra, velaban a visión da terra. Ollei a paisaxe branca e soleada pola xanela. Adormecín un pouco. Lin unhas páxinas. Pasou a azafata, café ou té?, de sorriso posto, a puxar do carro dos aperitivos. Quixen non pensar en nada. Intentei durmir.

Como agora aquí a raxeira. Por fin xa pasou todo, trato de respirar, de liberarme desa sensación estraña que desde onte pola mañá me envolve. Hai dezaoitto horas que os restos de mamá repousan no cemiterio. Repousan? Si, quizais por primeira vez. E quérome sentir envolta nunha sensación de acougo. Conseguir que o corpo perda tensión, a mente se relaxe e pouco e pouco empece a erguer o voo, a coller altura.

Intento afastarme de min agarimada pola caricia do sol e case empezo a conseguilo. O corpo languidece, larga amarras, frouxo, na area. Esquézome. As ondas tomaron un día de descanso, está o mar calado nun ir e vir case imperceptible. Os pensamentos soben e baixan agora coma un bambán. Como serei vista desde fóra de min? Divago. Igual que unha gaivota nunha corrente térmica, en espirais ceu arriba, déixome ir.

Cae o sol a prumo e sinto o seu peso, un contacto que me envolve e me illa. Cos ollos pechos imaxínome soa no mundo, fundido o borbóriño do mar no silencio que me rodea, só alterado polo rumor case inaudible arestora dos coches no paseo marítimo. Disque é malo para a pel, o sol, o aire do mar. Se lle vas facer caso non hai cousa boa, sempre haberá algo para facerte sentir dependente e indefensa. É como coas liberdades, cantas máis cres conquistar, máis presa te atopas, máis incapacitada, envolta nunha rede de tea de araña que che couda toda a alegría de vivir.

Pero agora quero pechar os ollos, pechar os oídos e imaxinarme libre, gaivota no aire, cinguida polo abrazo deste sol que

cae coa forza do mediodía sobre min. Trato de non pensar, que a cabeza se me libere, aínda que ducias de figuras, de imaxinacións, case todas inconcretas, nalgún caso non traducibles a palabras, non deixan de sucederse, de enredarse, de revolvérsese por dentro do pensamento.

Representásemme, non sei por que, con máis forza –ou mellor dito: con maior facilidade de converter en palabras– aquel día arredado todos sentados arredor da mesa do comedor, os maiores tomando café despois de xantar. Unha sobremesa tranquila, era polo verán. Soaban uns golpes, “toc-toc-toc”, non sabiamos onde, un pouco afogados, pero parecían dentro da casa. A un lado talvez, ou abaixo.

De primeiras non faciamos caso deles, pero logo a súa insistencia empezounos a preocupar. Semellaban cada vez máis próximos e todos, que será iso?, onde será? De repente un ruído máis intenso e na parede lateral ábrese un burato, un burato que se agranda con fragmentos de barro e pedras que caen e do outro lado un home cun martelo e un cicel, os ollos moi abertos, sorprendido: que fan vostedes aí? E nós, papá o primeiro, en nome de todos: como que que facemos aquí? Que fai vostede? Quen é? Como se mete na nosa casa? Quérea destruír?

Así, do mesmo xeito, se me meten agora as imaxes na cabeza cando intento non pensar. O nicho no cemiterio, como aquel burato na parede da casa. Non quero imaxinar, a idea recorrente que me volve ao pensamento é a da soidade e detrás dela a necesidade de contacto, esa necesidade de non sentirme soa, cando as palabras non chegan. Sentir outra pel pegada á miña, sen ningunha intención posterior.

E o que sentes é a agresión. Santiago ao teléfono. A morte de mamá. Un intruso inesperado que entra, martelo e cicel na man, a destruír as túas defensas, a agredirte, a profanarte. Ben sei as consecuencias desa irrupción indesexada, dese martelo e ese cicel na parede, desa voz autoritaria que te diminúe, de tantas

cousas, ás veces ínfimas. Ou non tanto, como, penso agora sen saber por que nesa man que se pousa aparentemente desinteresada no teu ombro cando na oficina cambiades impresións sobre calquera particularidade do traballo.

Entón fago coma o caracol, retráíome de maneira impremeditada, non consciente, nada máis un dedo achegarse a tocarme un dos corniños. Desde hai moitos anos sei o que vai vir despois desa voz autoritaria, desa man desinteresadamente posta nas túas costas, no teu ombro, no teu van.

Por iso agora mesmo busco o único contacto que non me vai esixir nada, este do sol na praia, e sen pensar estendo con suavidade, con agarimo, a crema protección 15 para soñarme acariciada por min mesma, porque son eu mesma quen me acaricio e neste momento non pido nada máis.

Cando cheguei ao tanatorio batín con Esther na porta da sala. Non puideron refugar o contacto e deixei abrazar. A humidade das súas fazulas a premerse contra as miñas repelíame. Iniciaba un número de carpideira, pero interrompínoa con sequidade e entón cambiou de rexistro: Onde tes a equipaxe?, almorza-ches?, tomaches algo?, vés cansa?

En poucas palabras, só as imprescindibles, díxenlle que non se preocupase, non precisaba tomar nada e mentílle que xa estaba acomodada na casa dunha amiga. Pensei que se poría pesada, que insistiría en quererme levar para o seu piso. Pero calou. Evidenciou un aceno de reproche para a galería, unha torcedura leve de bico, un erguer case imperceptible de sobrancello, calou e separouse de min.

Achegueime a ver a mamá do outro lado da vidreira, coma nun acuario, cérea, peiteada, recomposta, rodeada de flores, coroas, ramos, fitas con letras de purpurina. Diante estaba Diego, firme, traxado, as mans entrelazadas por riba da entreperna. Bo-toume unha ollada de esguello e fíxo un leve aceno de saúdo coa cabeza, como a dicir non me distraias agora, neste momento tan triste. Correspondílle do mesmo xeito, sen desapegar os beizos e fíxeme a ollar para a morta, sen vela, voltos os ollos para dentro. Non vin aquí para pedirlle contas a ninguén, nin tampouco para rendelas. En silencio fronte a ela quería dar un repaso aos momentos da miña vida en que mamá participara, pero os pensamentos negábanseme a vir, a mente por completo en branco.

Cando ao pouco apareceron Sefa e outras antigas compañeiras de oficina, xa informadas da miña chegada, saín con elas a tomar un café.

Sefa foi a primeira en ofrecerme acomodo con ela, e teríallo aceptado de non ser polo seu compañeiro. Aínda que só fose por vinte e catro horas, non me gustaba meterme no medio da vida dunha parella, así que ao cabo, despois de moito resistir, de chamarme parva por querer ficar no hostel onde me levara o taxista que me baixou do aeroporto, acabei por aceptar a oferta de Loti para instalarme no seu apartamento. Ademais naqueles días estaba sen parella, seica lle correspondía época de facer vida na casa dos pais. Pero por acompañarme viría durmir comigo, non ía deixarme así en semellante transo.

Díxenlle que si.

No entresono producido polo sol e o arrandeo case inmóbil das ondas volvo ter un soño. Un soño repetido moitas veces en distintas variantes. Estou perdida e síntome perseguida por animais. Cans, lobos, case sempre. Pero tamén búfalos, tigres e elefantes. Soben detrás miña as escaleiras da casa. Sinto o seu alento nos calcaños, a angustia case non me deixa respirar. Afógome, e corro, e afógome máis. E non paro de correr.

Gustaríame interpretar estes soños. Seica hai libros para iso, pero son mentireiros, cada soño é distinto doutro soño aparentemente idéntico, non creo que haxa unha regra que chos poida explicar. Tampouco iso dos arquetipos. Non sei.

Esperto e volvo pensar que neste momento gustaríame sentir unha pel apegada á miña. Agora mesmo, o contacto dunha pel e que non fosen necesarias palabras para se comprender, porque as palabras menten, ninguén di nunca o que realmente quere dicir, os pensamentos, como os soños, son intraducibles e inapreixables, corren un detrás doutro en asociacións sen fin, non hai semáforo que os deteña, cor verde, cor vermella, cor vermella, cor vermella, e sénteste de repente calmada, obrigada a deterte por unha forza exterior.

Cae o sol a prumo, estou soa, ningún rumor de voces, só o zunido case apagado das ondas a lambuxar a area. Revoa con preguiza unha gaivota en espirais sobre a praia, sobre os tellados, sobre o mar. Na auga un surfista despistado languidece a cabalo da súa táboa na espera dunha vaga improbable. Acostumada a ocultarme dentro de min mesma, canto máis cerro os ollos, moi-

tas máis cousas podo ver. É como coa xente: cando estás afastada dela é cando mellor podes coñecela, e comprendela. Aínda que co paso do anos encollen tanto de tamaño as cousas e as distancias fanse tan curtas que xa nada pode considerarse lonxe. Encolle o mundo a toda velocidade arredor de unha. Encollen as distancias e o tempo. Encolle a vida.

Agora volvo de novo atrás, máis para atrás do enterro, máis para atrás do aviso ao chegar onte pola mañá ao traballo, máis para atrás da cea coas compañeiras. Á miña vida con Santiago. Somos felices? Fomos felices algunha vez? Que é ser feliz? Sei realmente como é el? Onte pola mañá, por que se tivo que poñer como se puxo cando o chamei por teléfono para dicirlle que me atopaba aquí? Por que, pouco e pouco, paseniño, hoxe nisto, mañá no outro, están deixando de funcionar as cousas con el? Por que, para ser sincera, non me acaba de funcionar cousa ningunha con ninguén?

Non teño resposta, só preguntas, sempre preguntas. Un día achegouseme así de repente unha nena pola rúa e preguntoume: quen es? Unha cativa miudiña, non máis de tres ou catro anos, quen es? Ía eu soa e fiquei calada, non sabía que lle responder. Quen son? Non hai ningúns ollos que me miren e a angustia faime tremer na gorxa as palabras que non pronuncio. Non sei quen son. Non sei quen son. Como cando me miro no espello, a examíname con detemento, ata non ver a ninguén enfrente de min. E se eu non fose ninguén?, se non fose nada?, se non existise e todo isto fose só un espellismo, un soño que ninguén soña?

Próeme unha bágoa no ollo, unha bágoa que o sol non é quen de secar, estou chorando por segunda vez en dous días e dígame que non sei por que. Ou seino? Próeme unha bágoa nun ollo, non é por mamá. Estou inmóbil, amarrada polos dedos do sol, todo o meu ser concentrado nesa bágoa que sinto esvarar, moi leve, pola fazula. Irase perder na area, rumor apagado das ondas, dúas gaviotas a revoar no ceu, un surfista solitario, xente que empeza a baixar á praia, voces que me envolven e me ignoran,

rombar amortecido dos coches aí atrás, no paseo marítimo. Só eu abrazada polo sol. Movementos a cámara lenta, o pensamento ralentizado, envolta nunha atmosfera irreal.

Estou deitada na area, chorando, e sei que non é por mamá. Non sei por que é. Fágome preguntas e sítome incapaz de contestar a ningunha, a vida debe ser outra cousa diferente disto que eu vivo, de todo isto que estou a vivir desde que teño memoria de min, memoria dunha nena que de tan afastada véxoa xa desde fóra, xa outra, lonxe, unha cría que nunca, endexamais, se sentiu querida.

Non, iso non é verdade. Cando vivía papá el quería-me. Só el, ninguén máis.

Logo, xa unha moción que ía ao instituto, unha nena triste e desgraciada, aquel namoro que me podería purificar, que enchería toda a miña vida, nunca volvería sufrir de amor coma entón. Ou talvez si? Se nunca souben o que foi a felicidade, só este sufrimento actual de non sufrir xa. E con aquel rapaz, non lembro o seu nome, talvez Luciano, non sei. Non, paréceme que se chamaba Venancio. O sentimento de culpabilidade por non poder sincerarme con el, tan inocente como me parecía de primeiras, tan guapo, tan novo.

Por que, cando se fala de felicidade, sempre a situamos cara atrás, no pasado, case nunca a vemos como horizonte futuro? Calquera tempo pasado foi mellor, aínda que só sexa unha mentira, unicamente foi mellor no sentido de termos menos anos. Pero, unicamente por sermos máis novas era mellor? Outra mentira máis.

Esta noite estaba con Carlota no seu apartamento, lembrámonos de cando eramos rapazas, no instituto. Medramos as dúas arroladas polas ondas do Orzán, pero a súa influencia debeu ser moi distinta nunha e noutra. Acordeime das súas aspiracións de entón. Naquel tempo situabamos a felicidade no futuro, talvez as cousas de nenos funcionan ao revés, quizais porque aínda non hai un pasado que evocar. Todas as amigas –non, amigas non, compañeiras de clase, nunca tiven amigas, nin sequera Loti o foi–. Todas as compañeiras, que será delas agora?, deixei de velas, é dicir, víaaas algunha vez, cruzábame por aí con algunha, ola, adeus, nada máis, a ver se un día temos tempo para quedar, tomamos algo e falamos, ben sabiamos que nunca teríamos tempo, agora xa non nos vemos pola rúa, nunca nos cruzamos, adeus, adeus, unha das vantaxes de ter marchado de aquí. E daquela, entre clase e clase, todas as rapazas faciamos plans para despois, para cando chegase a hora de empezarmos a ser felices.

Loti dicía, agora non se lembraba, pero eu si, que tan pronto como puidese, o primeiro que faría sería ter un auto deportivo, convertible, de cor vermella. Guiaríao a toda velocidade pola autoestrada deixando voar ao vento, coma unha bandeira, os seus

cabelos soltos. Entón empezárase a sentir feliz. E ti que vas querer?, preguntábame. Eu, cando poida, quero ter unha casa, o que unha casa?, un piso, un apartamento, un curruncho calquera que fose, para estar soa, soa, soa. Soa e que cando esteas na cama, aínda sen pegar no sono, non sintas que se abre a porta do cuarto a modiño, con coidado, e ti a facerte a durmida, sen te mover, a respirar profundamente mentres unha man vén pousarse no teu corpo por debaixo das sabas. E ti envarada, tesa, a respiración coutada. O roce desa man, estás durmida? E que vou facer? Durmo? Non durmo? Reméxeste e fas como que espertas cun moumeo suspirado. Anda, tápate ben e durme, empézase a retirar a man entón. E sóbeche hipócrita as mantas, un borboriño a penas pronunciado na túa orella, un suspiro en retirada. E uns pasos cautelosos que se van, a porta que se choe. Aínda era eu unha nena.

Pero ti non podías durmir, xa non poderías durmir no resto da noite. Ata que, sen decatarte, acababas por te afundir nos brazos do sono, un sono intranquilo, poboado de pesadelos. Esas largas noites en garda, en tensión, quero ter unha casa, un piso meu para estar soa, soa, soa. Que ninguén veña abrir cautelosamente a porta do meu cuarto. Que ningunha man furtiva busque o meu corpo nunca máis.

E logo, cando estiveches soa, necesitabas alguén á beira, non para nada, unicamente alguén á beira que te protexese, un pai talvez, ese pai que tanto en falta botabas, un home cariñoso e forte. Pero só tiña aquelas compañeiras de oficina, que tal pasaches soa esas vacacións? Non te aburriches? E Loti de novo, a antiga amiga do instituto, entón compañeira de traballo, a responder por min. E por que ía ter que aburrirse? Eu tamén fun soa botar quince días en Canarias e paseinos dabuten: tireime a cinco tíos. Como se pode confesar tal cousa, así, abertamente, entre mulleres presuntamente ben educadas? Pero onde imos parar? Bo, xa é sabido que no departamento non somos ben educadas, só algunha hipócrita. Cinco tíos en dúas semanas?, iso só vén sendo un cada tres días, encirraba a algunha, xa esquecida de indagar sobre

a miña vida sen Xerardo, para facerlle ampliar a Carlota unha información tan prometedora. Si, pero eses tres días aproveitados sempre a fondo, informaba ela tranquilamente. E fuches feliz? Felicísima, na medida do posible...

Non, eu non chegaría a tanto coma iso, pero necesitaba, necesito, un home. Un home forte preto de min. Aínda que non sexa para nada. Para nada? Contraditoria. Enténdeme, xa sabes o que quero dicir con “para nada”. Pero sempre necesitarei un home preto de min. Carlota aínda non conseguiu o convertible vermello. En lugar dun Mercedes deportivo confórmase cun Saxo negro, e leva o cabelo curto, tinxido de loiro. Es feliz, Loti, con eses tíos que te tiras? Ai, Minucha, feliz érao entón, cando iamos ao instituto e toureamos as ondas no Orzán.

Agora, neste momento, neste preciso instante, poderíame considerar moderadamente feliz, porque a estas alturas sei que a felicidade só consiste nun fugaz momento de ausencia de dor, de afastamento dos problemas, deste seminirvana aquí deitada na area ao sol co corpo relaxado, distendido, en suspenso, a soñar unha man que te acaricia e co seu estímulo faiche correr o sangue máis quente e de présa polas veas.

Ao mellor a felicidade só consiste en estar así, inmóbil e en silencio. Residirá a felicidade nos cemiterios? Irse diluíndo, amodiño, no esquecemento, este caer sobre un a morte, velai onde se debe atopar a clave última da beatitude.